

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE FERROL PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DEPENDENTE DO CONCELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula no seu artigo 48 a Rede galega de acollemento indicando que os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero e que garantirán un tratamento integral de atención e/ou de recuperación, que abranga aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos e favoreza a normalización da situación persoal das mulleres, da súa unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.

O **Concello de Ferrol** é titular dunha casa de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres, segundo o disposto na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

A Consellería de Emprego e Igualdade, continuando coa colaboración desenvolvida en anos anteriores estima conveniente asinar un convenio de colaboración co **Concello de Ferrol** para o mantemento do centro para a atención a mulleres vítimas de violencia dependente do concello.



O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, comprometéndose o concello a manter o centro en funcionamento e a prestarlle a estas mulleres un servizo integral de atención, emerxencia, apoio, acollida e recuperación.

Para o financiamento das actividades obxecto do convenio a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, achegará a cantidade de 49.950 € (corenta e nove mil novecentos cincuenta euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.460.0 (código de proxecto 2015 00146).

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, sendo este o caso, e tendo en conta que na nosa Comunidade Autónoma, actualmente, tan só hai en funcionamento dous centros de acollida dependentes de concellos na provincia da Coruña, autorizados ao abeiro da Orde de 1 de abril de 1997 polo que se regulan os requisitos para a autorización deste tipo de centros. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por estes centros, levan á Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer unha colaboración o máis estreita posible, con cada un dos concellos e as súas casas de acollida.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

